



Vogais do Consello Asesor do Museo de Pontevedra

Xaime Domínguez Toxo

Bueu, 1955

Licenciado en Filosofía e Ciencias da Educación.

Pedagogo e mestre especialista en Cegueira e Baixa Visión, forma parte do Equipo de Intervención Pedagóxica en Cegueira, Baixa Visión e Orientación Escolar da ONCE da provincia de Pontevedra.

Durante diferentes anos foi titor universitario do Practicum dos alumnos de Educación Social da Universidade de Santiago, da Facultade de Humanidades e da de Ciencias da Educación do Campus de Ourense da Universidade de Vigo.

No ámbito da inclusión e da pedagogía en cegueira e baixa visión recibiu diferentes premios no Concurso Nacional de Experiencias Escolares. Así mesmo, ten publicado numerosos traballos e artigos en revistas especializadas no ámbito da inclusión social.

Escritor e poeta, ten publicado un bo número de libros, entre eles o libro de relatos 'As palabras que move o mar' (Xerais), 'Protexer o Invisible' (Ancoradouro) e o poemario 'A casa sen nós' (Laiovento). Habitualmente publica pequenos artigos en revistas e xornais. Este labor foi recoñecido e premiado en diferentes certames, como o Modesto R. Figueiredo ou o Manuel Murguía de Narracións Breves.

Cunha ampla traxectoria no ámbito do activismo social e cultural de base, preside desde o ano 2007 o Ateneo de Pontevedra.

COMPETENCIAS

- ✓ Ciencias da Educación
- ✓ Discapacidade visual
- ✓ Inclusión social
- ✓ Asociacionismo cultural



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA

